

Guía docente de materia

Educación en Valores

1. DATOS INICIAIS	
Titulación	POP Estudos de Xénero
Módulo	II
Materia	Educación en Valores
Código	333110252
Carácter (obligatoria, optativa)	Optativa
Curso	Primeiro
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Profesora coordinadora	Carmen Pereira Domínguez

Profesora responsable da materia*	Carmen Pereira Domínguez
Departamento	Análise e Intervención Socioeducativa
Área	Teoría e Historia da Educación
Centro	Facultade Ciencias da Educación de Ourense
Gabinete	Nº 19
Horario de titorías	Mércores e Xoves
E-mail	mcdguez@uvigo.es

** No caso de seren varios docentes os responsables de impartir a materia, esta taboa repetirase tantas veces como for necesario, empregando unha tabela para cada docente.*

2. INTRODUCCIÓN Á MATERIA

Educar en valores consiste en participar nun verdadeiro proceso de desenvolvemento e construción persoal de cara a cidadanía. Unha participación que dende o prisma educativo supón crear condicións pedagóxicas e sociais para que esta construción obteña os mellores logros.

Educar en valores significa racionalizar e articular nas relacións sociais e nas institucións, todo iso entendido como un proceso de formación nunha cultura cidadá pluralista, democrática e solidaria. *Educar en valores* supón hoxe en día formar cidadáns e cidadás auténticos que asuman os retos da globalización e saiban comprometerse nun mundo cada vez máis xusto, inclusivo, equitativo e multicultural.

Con esta materia preténdese que o alumnado que cursa estes estudos consiga un acercamento científico e interdisciplinar, ademais de fomentar a capacidade crítica, reflexiva e participativa.

O enfoque desta materia ofrece unha experiencia formativa persoal continua que favorece a integración deste campo educativo na súa futura implicación profesional, así como unha adecuada expectativa de saída laboral.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

1	-Coñecer e dominar os conceptos específicos da materia.
2	-Saber vincular a teoría coa práctica educativa
3	-Comprender e desenvolver as estratexias e técnicas adecuadas para a intervención psicopedagóxica en <i>Educación en Valores</i> .
4	-Desenvolver habilidades sociais para o traballo en equipo.
5	-Deseñar e pór en marcha programas de intervención pedagóxica sobre <i>Educación en Valores</i> e <i>Educar para a Cidadanía</i> .
6	-Comprender e respectar a diversidade e multiculturalidade, un reto de solidariedade na actual sociedade globalizada cara unha cidadanía democrática.
7	-Utilizar recursos conceptuais e metodolóxicos que permitan entender, deconstruír e, no seu caso, transformar o proceso de produción das identidades de xénero.

4. COMPETENCIAS

	Competencias da materia (xerais e específicas)	Competencias de titulación relacionadas (as que contribúe)
1	Competencias instrumentais (<i>Saber e saber facer</i>)	<ul style="list-style-type: none"> -Fomentar o desenvolvemento da convivencia e das relacións interpersoais fundamentadas no recoñecemento e o respecto á individualidade, á singularidade e aos dereitos de todas as persoas. -Decatarse de relacionarse nun mundo multicultural na diversidade e na convivencia pacífica. -Recoñecer a necesidade de educar en actitudes, valores e normas. -Promover equipos de traballo que asuman a relevancia de investigar sobre a Educación en Valores. -Ser competente para formar en xénero aos/ás profesionais que han de atender a mulleres vítimas de violencia de xénero. -Planificar e desenvolver programas de intervención psicopedagóxica cara a educación para a cidadanía.
2	Competencias interpersoais (<i>Saber ser e saber estar</i>)	<ul style="list-style-type: none"> -Desenvolver habilidades individuais e sociais. -Favorecer o traballo cooperativo e participativo. -Respectar a diversidade de opinións. -Educar no esforzo e na responsabilidade. -Fomentar comportamentos solidarios. -Ser competente para actuar preventivamente e na resolución de situacións de conflito de xénero.

3	<p>Competencias sistémicas (Saber aplicar e actuar)</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Deseñar e desenvolver traballos escritos organizados e fundamentados, tanto a modo individual como grupal. -Expoñer o traballo de forma oral por medio de soportes tecnolóxicos actuais. -Favorecer o espírito creativo, emprendedor e innovador. -Ser competente para ver e nomear a realidade desde a perspectiva de xénero. -Ser competente para propoñer medidas de acción positiva para paliar ou corrixir as desigualdades existentes desde o punto de vista do xénero. -Ser competente para coñecer as distintas áreas de actuación e a metodoloxía para a implementación de programas e proxectos de igualdade entre mulleres e homes en distintos ámbitos (servicios sociais, educación, empresas, administración pública, etc)
----------	--	--

5. CONTIDOS

(O contido do programa pode sufrir algunhas variacións atendendo a circunstancias non previstas)

1.- ¿Qué significa educar en valores hoxe?

2.- A construción de valores no proceso educativo.

3.- Educación en Valores e construción da cidadanía democrática.

4.- Os valores no currículo do vixente sistema educativo e as novas concepcións:

Globalización e multiculturalidade; diversidade e educación para o desenvolvemento; valores na diversidade ideolóxica e relixiosa; ocio e tempo libre; medios de comunicación e sociedade da información dixital; valores na educación familiar actual.

5.- O currículo integrado. Cara á mellora da calidade e estilos saudables de vida.

6.-O novo enfoque: A educación para a cidadanía.

7.-Modelos de intervención psicopedagóxica en Educación en Valores cara a educación cidadá.

Análise, reflexión e avaliación de experiencias significativas de intervención psicopedagóxica en *Educación e Valores* dende o ámbito local, autonómico, nacional e internacional, de cara a unha globalización democrática.

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividades	Clases presenciais	Traballo autónomo e colaborativo	Total horas alumnado
-Actividades organizativas.	2	0	2
-Clases maxistras.	15	25	40
-Actividades de aula individuais ou grupais.	7	5	12
-Elaboración de traballos individuais ou grupais.	2	25	27
-Exposicións grupais	8	5	13
-Asistencia a xornadas, conferencias, persoas invitadas, etc.	2	1	3
-Clases prácticas	10	10	20
-Exames	2	0	2
-Autoavaliación	Cuestionario para cubrir no exame	0	
-Titorizacións	4 (horas cos distintos grupos)	2	6
Total	52	73	125

7. METODOLOXÍA DOCENTE		
Metodoloxía	Descrición	¿Implica atención personalizada ao alumno?
<p>- Principios de procedemento ou de actuación docente:</p> <p>-Promover no alumnado unha metodoloxía de investigación cuantitativa, cualitativa e etnográfica que facilite a reflexión crítica, a busca de información, a formulación e a resolución de hipóteses, así como a achega de conclusións e propostas de mellora do estudio realizado.</p> <p>-Favorecer ambientes de diálogo e respecto ante a diversidade de experiencias e opinións existentes na aula.</p> <p>-Dende a nosa función de docentes servir de fíos conductores para facilitar aprendizaxes significativas que expliquen o aprender a coñecer, a facer, a ser e a convivir xuntos.</p> <p>-Estimular a reflexión-acción-reflexión, o diálogo crítico construtivo, dende o respecto, a cooperación, a participación e a tolerancia.</p> <p>-Conectar cos axentes sociais vinculados ao ámbito psicopedagógico e social co fin de aproximarnos aos diversos fenómenos sociais e de abrir vías cara á cidadanía democrática.</p> <p>- Clases presenciais:</p> <p>-Exposición e reflexión dos temas por parte da profesora.</p> <p>-Utilización da Páxina Web do POP e recursos Web como material docente.</p> <p>-Proxección de materiais audiovisuais e tecnolóxicos.</p> <p>-Entrega de documentación, análise, estudio e posta en común.</p> <p>-Pautas orientativas para a elaboración e exposición de traballos de grupo e reflexións individuais. Se entregarán na aula.</p> <p>-Revisión de traballos-modelo elaborados en promocións anteriores (a modo de orientación).</p>		SI
<p>-Clases prácticas:</p> <p>- Entrega de materiais específicos para o seu desenvolvemento e vinculados a intervención psicopedagóxica.</p>		
-Resolución de exercicios e problemas	Si	
-Aprendizaxe baseada en problemas (ABP)	Si	
--Estudio de casos	Si	
Ensinanza baseada en proxectos de aprendizaxe	Si	

-Análise de situacións	Si	SI
-Aprendizaxe colaboradora		
-Simulacións	Si	
-Seminarios	-Tema monográfico a tratar por algunha persoa ou profesional experta na materia e posterior coloquio. -Análise de materiais audiovisuais, escritos ou informáticos. -Debates.	Si
Outros (especificar)		

8. ATENCIÓN AO ALUMNO

Estratexias de aprendizaxe. Orientacións ao alumnado:

(Ante situacións imprevistas as estratexias de aprendizaxe e orientacións ao alumnado poden flexibilizarse).

-O alumnado será atendido no transcurso das clases, nos seminarios, nas titorías e cando solicite información nas actividades presenciais, por vía telemática ou telefónica. En horas de titoría e nas clases presenciais e prácticas entregaranse e comentaranse unhas indicacións concretas por escrito sobre o modo de elaborar e de expoñer os traballos individuais e grupais (de tres a cinco persoas) e como presentalos por escrito, é dicir: a exposición oral dos contidos do tema elixido, o esquema da exposición, o uso adecuado de recursos tecnolóxicos e a planificación do tempo. A expresión escrita, formato, sinais de identidade, desenvolvemento do tema tratado, a intervención pedagóxica, conclusións, bibliografía, webs, anexos, etc.

-A atención dirixirase fundamentalmente a promover os seguintes aspectos:

-Favorecer nas/nos estudantes unha metodoloxía de investigación que suscite a reflexión crítica, a búsqueda de información a súas hipóteses, preguntas e inquedanzas e avanzar posibles alternativas.

-Establecer un contexto favorable para o debate na aula, onde as/ os estudantes aprendan a expoñer os seus propios puntos de vista, a escoitar ás/aos demais, a manifestar respecto pola diversidade e ser capaz de aprender desa variedade de opinións e experiencias existentes na aula.

-Transformar o noso papel de docente, converténdonos non só en transmisores de información, senón tamén en facilitadores/as de aprendizaxes significativos e por descubrimento.

-Promover a análise crítica dende o punto de vista do xénero da identidade persoal, da realidade social, educativa, política, etc.

-Procurar que a educación non se limite a información ou habilitación senón a un proceso de autosuperación e empoderamento persoal.

9. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Metodoloxía**A- Criterios específicos de avaliación para alumnado asistente:**

Concedemos a este proceso avaliativo o carácter de *inicial, continuo, formativo e sumativo*. Para iso establecemos as seguintes variables:

1.- *Asistencia e participación* nas sesións metodolóxicas de clase, teóricas e prácticas (lectura de textos recomendados e implicación en diversas actividades programadas e desenvolvidas). Concretaranse días de presentación e análise dos materiais reflexionados (lectura, reflexión e comentario de textos traballados). E se entregarán na aula orientacións para o adecuado desenvolvemento deste apartado. Valoración **2,5 puntos**.

2.- Elaboración e presentación de *traballos de grupo*, é dicir, a elaboración dun programa de intervención pedagóxica sobre un tema relacionado coa materia (*Proxecto Cine e Valores*). Este axustarase aos seguintes procesos: planificación, desenvolvemento e exposición, avaliación e retroalimentación. Estes temas concretaranse e consensuarase durante as primeiras sesións de clase. Tamén se marcarán datas de exposición e entrega dos traballos. (Os traballos presentados, non se devolverán. Recoméndase pois, quedar cunha copia antes da súa entrega). Valoración **2,5 puntos**.

3.- Lectura dunha obra literaria relacionada coa materia (*Traballo individual*). Presentarase por escrito, expoñendo a súa reflexión e vinculación coa materia. Na aula entregaranse algunhas orientacións ao respecto. Tamén estableceranse prazos de entrega consensuados. Valoración **2,5 puntos**.

4.- *Exame* e autoavaliación. As datas estarán expostas en zonas de información sobre o calendario de exames nesta Facultade, así como na porta do despacho da profesora. (Edificio 2, segundo andar, despacho, 19). Valoración **2,5 puntos**.

A superación da materia implica alcanzar en cada unha das variables unha achega mínima de **1,25 puntos**. O non obter esta puntuación supón non ter alcanzado os obxectivos mínimos da materia na súa totalidade.

Non obstante, cada un destes pasos explicaranse e consensuarán detenidamente durante as primeiras sesións de clase.

Nunha fotocopiadora próxima a esta Facultade, (elixida polo grupo-clase iranse depositando os materiais-base de traballo relacionados coa materia).

O remate do cuadrimestre entregarase unha traxectoria de todo o feito con respecto desta materia.

B-Criterios específicos para alumnado non asistente:

-O alumnado, que por *motivos xustificadas*, non poida asistir a algunha sesión de clase, deberá suplilo con algún traballo extra persoal que cubra esta ausencia (**previo consenso coa profesora en sesións de titoría, o inicio do cuadrimestre**), ditos materiais deberá entregar ó final do cuadrimestre, data tope a día do exame.

-O alumnado, que por motivos xustificadas desde o inicio do curso seguirá un sistema de titorización individualizado a partir de todo o exposto neste Programa da materia, **se concretará a principios de curso, notificándoo na ficha persoal** tamén, coa profesora nas sesións de titoría correspondentes, establecéndose o seu seguimento durante o cuadrimestre. É moi importante ter en conta esta puntualización.

Observacións: Recomendacións, pautas para a mellora e a recuperación, etc.

A modo individualizado, dende a titoría, se atenderán a cuestións persoais e académicas xustificadas do alumnado necesitado.

10. RECURSOS E FONTES DE INFORMACIÓN

Recursos e fontes de información básica

-Bibliografía e materiais . Básica:

- Aznar, Pilar y Cánovas, Paz. (Eds.) (2008). *Educación, Género y Políticas de Igualdad*. Valencia. Universitat de Valencia.
- Bain, Kein. (2006). *Lo que hacen los mejores profesores universitarios*. Valencia, PUV.
- Bárcena, Fernando; Gil, Fernando e Jover, Gonzalo (1999). *La escuela de la ciudadanía: educación ética e política*. Bilbao. Desclée de Brouwer.
- Benso, M^a Carmen y Pereira, M^a Carmen (Coords.) (2003). *El profesorado de enseñanza secundaria. Retos ante el nuevo milenio*. Ourense. Concello de Ourense-Fundación Santa María-Universidad de Vigo.
- Benso, Carmen y Pereira, Carmen (Coords.) (2007). *Familia y Escuela. El reto de educar en el siglo XXI*. Ourense, Concello de Ourense, Fundación Santa María y Universidad de Vigo.
- Bolívar, Antonio (2007). *Educación para la ciudadanía. Algo más que una asignatura*. Barcelona. Graó.
- Bordón. Revista de Pedagogía*. (2007). Educación, ciudadanía y convivencia. Diversidad y sentido social de la educación. 59, (2 y 3).
- Buxarrais, M^a Rosa (1999). *La formación del profesorado en educación e valores*. Barcelona. Desclée de Brouwer.
- Camps, Victoria (1994). *Los valores de la educación*. Madrid. Alauda.
- Escámez, Juan e Gil, Ramón (2001). *La educación en la responsabilidad*. Barcelona. Paidós.
- Escámez, Juan; García, Rafaela; Pérez, Cruz y Llopis, Antonio (2007). *El aprendizaje de valores y actitudes. Teoría y práctica*. Barcelona, Octaedro-OEI.
- Esteve, José Manuel (2003). *La tercera revolución. La educación en la sociedad del conocimiento*. Barcelona. Paidós.
- Esteve, José Manuel y Vera, Julio (2006). *Educación Social e Igualdad de Género*. Málaga. Universidad de Málaga.
- Hoyos, Guillermo e Martínez, Miquel (Coords.) (2004). *¿Qué significa educar en valores hoy?* Barcelona. Octaedro.
- Máiztegui, Concepción (Coord.) (2006). *De la ciudadanía local a la aldea global y de la ciudadanía global a la local. El camino andado*. Bilbao, Universidad de Deusto.
- Marina, José A. (2007). *Educación para la ciudadanía*. Madrid, S.M.
- Martinez, Miquel e Bujons, C. (Coords.) (2001). *Un lugar llamado escuela. En la sociedad de la información y de la diversidad*. Barcelona. Ariel.
- Martínez, Miquel. y Hoyos, Guillermo (Coords.) (2006). *La formación en valores en sociedades democráticas*. Barcelona, Octaedro-OEI.
- Muñoz, I. (Coord.) (1998). *La bolsa de los valores*. Madrid. Ariel.
- Naya, Luis M^a (Coord.) (2005). *La educación y los derechos humanos*. Madrid. Erein.
- Ortega, R. e Minguez, R. (2001). *La educación moral del ciudadano de hoy*. Barcelona. Paidós.
- Paniego, J. A. e Llopis, Carmen (1995). *Educación para la solidaridad*. Madrid. CCS.
- Puig, José M.; Batlle, R.; Bosch, C. y Palos, J. (2007). *Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía*. Barcelona, Octaedro.
- Revista Educación*. (2003). Educación y ciudadanía. Monográfico.
- Sauquillo, Piedad (Ed.) (2008). *Educación, Género y Políticas de Igualdad*. Comunicaciones, Experiencias y Pósters. Valencia. Universidad de Valencia. CDRom.
- Schujman, G. (Coord.) (2004). *Formación ética y ciudadana: un cambio de mirada*. Barcelona. Octaedro.
- Touriñán López, José Manuel (Direc.) (2007). *Educación en valores, interculturalismo y*

Bibliografía complementaria:

- Alegre, Olga M^a (2003). *La discapacidad en el cine*. Barcelona. Octaedro.
- Bárcena, Fernando e outros (1999). *La escuela de la ciudadanía. Educación, ética y política*. Barcelona. Desclée de Brouwer.
- Bilbeny, N. (2000). *Democracia para la diversidad*. Barcelona. Ariel.
- Buitrago, M^a Jesús y Pereira, Carmen (2007). *Educación para la ciudadanía: los valores del ocio y el tiempo libre*. Málaga, Aljibe.
- Carreras, L. e outros. (1995) *Cómo educar en valores*. Madrid. Narcea.
- Casamayor, G. (Coord.) (1999). *Como dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza secundaria*. Barcelona. Graó.
- Cobo, Juan M. (1993). *Educación ética para un mundo en cambio y una sociedad plural*. Madrid. Endimión.
- Cortina, Adela(2002). *Por una ética del consumo*. Madrid. Taurus.
- Cuenca, Manuel (2005). *Ocio solidario. La experiencia en grupos de jóvenes y jubilados*. Bilbao, Universidad de Deusto.
- Dios, Manuel (2001). *Cine para convivir*. Santiago de Compostela. TouxoSoutos.
- Dios, Manuel (2005). *Educación nos afectos, frear a violencia*. Santiago de Compostela. Seminario Galego de Educadores para a Paz.
- Elzo, Javier (2000). *Los valores de los jóvenes españoles*. Madrid. Fundación Santa María.
- Instituto Pedagógico Padres y Maestros (2003). *Cine y Transversales. Treinta películas para trabajar en el aula*. Bilbao. Mensajero.
- Escámez, Juan y García, Rafaela (2005). *Educación para la ciudadanía. Programa de Prevención Escolar contra la Violencia de Género*. Valencia. Editorial Brief.
- Gato, Purificación (2006). *Profesores que dejan huella*. Cáceres. Publicaciones de la Universidad de Extremadura.
- Gil, Fernando; Jover, Gonzalo e Reyeso, D. (2001). *La enseñanza de los Derechos Humanos*. Barcelona. Desclée de Brouwer.
- González Blasco, P. (Direc.) (2006). *Jóvenes españoles, 2005*. Madrid. Fundación Santa María.
- Jares, Xesús (2005). *Educación para la paz en tiempos difíciles*. Gobierno Vasco. Bakeaz.
- Loscertales, Felicidad e Núñez, T. (2001). *Violencia en las aulas. El cine como espejo social*. Barcelona. Octaedro.
- Llopis, Carmen(Coord.) (2001). *Los derechos humanos. Educación para una nueva ciudadanía*. Madrid. Narcea.
- Manos Unidas (1998). *Educación en valores. Comercio injusto. Comercio solidario*. Madrid. Manos Unidas.
- Marchesi, Alvaro, Savater, Fernando e Camps, Victoria (1993). *Los temas transversales en el currículo*. Madrid. Alauda.
- Marina, José Antonio e López, M. (1999). *Diccionario de los sentimientos*. Madrid. Anagrama.
- Martínez, Miquel (1999). *El contrato moral del profesorado*. Barcelona. Desclée de Brouwer.
- Martínez-Salanova, Enrique (2002). *Aprender con el cine, aprender de película*. Huelva. Grupo Comunicar.
- M.E.C. (1993). *Las transversales y áreas curriculares*. Madrid. MEC.
- Meirieu, P. (2004). *Referencias para un mundo sin referencias*. Barcelona. Graó.
- Navarro, G. (1999). *El diálogo*. Barcelona. Desclée de Brouwer.
- Núñez, Luis (2001). *La escuela tiene la palabra*. Madrid. PPC.
- Payá, Montserrat (1999). *Educación en valores para una sociedad abierta y plural. Aproximación conceptual*. Barcelona. Desclée de Brouwer.
- Pereira, Carmen (2005). *Los valores del cine de animación. Propuestas pedagógicas para padres y educadores*. Barcelona, PPU.
- Pérez, Gloria (1997). *Cómo educar para la democracia. Estrategias educativas*. Madrid. Educación Popular.
- Rodríguez Neira, Teófilo (2000). *La cultura contra la escuela*. Barcelona. Ariel.
- Santos, Miguel A. (Coord.) (2000). *A pedagogía dos valores en Galicia*. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela-ICE.
- Shohat, E. e Stam, R. (2002). *Multiculturalismo, cine y medios de comunicación*. Barcelona. Paidós.
- Santos, Miguel A. e Touriñán, José M. (Eds.) (2004). *Familia, Educación y Sociedad Civil*. Santiago de Compostela. ICE.

Savater, Fernando (1997). *El valor de educar*. Barcelona. Ariel.

Touriñán, José M. e Santos, Miguel A. (Eds.) (1999). *Interculturalidad y educación para el desarrollo*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia. Grafanova.

Trilla, Jaume (1992). *El profesor y los valores controvertidos*. Barcelona. Paidós.

Varios (1996). *Educación en valores. Diseño de un eje transversal*. Madrid. Narcea.

Vázquez, Gonzalo (edit.) (2001). *Educación y calidad de vida*. Madrid. Editorial Complutense.

Yus, R. (1997). *Hacia una educación global de la transversalidad*. Madrid. Anaya. Alauda.

Recursos e fontes de información complementaria

- Outros recursos:

-Revistas específicas, (informarase e consultarán na hemeroteca da Biblioteca do Campus durante as primeiras sesións de clase).

-Materiais audiovisuais (montaxes, vídeos, CD, CDrom, webs, etc.).

-Materiais didácticos impresos.

-Materiais en Power-Point.

-Organismos e institucións de interese vinculados á materia.

-Recursos humanos (persoas expertas e impresións vividas desde antigos alumnos).

Web profesional:

<http://webs.uvigo.es/consumoetico/carmenpereirappersonal.htm>

11. RECOMENDACIONES